

“O GALEGO NON É O GHALLEGHO QUE FALAMOS NÓS”: A PERCEPCIÓN E AS ACTITUDES COMO CONDICIONANTES DO CAMBIO LINGÜÍSTICO

Soraya Suárez Quintas

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Este traballo desenvolveuse dentro do proxecto *Contacto e cambio lingüístico en galego*, financiado con axudas do Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (FFI2015-65208-P) e da Xunta de Galicia e a European Union (GRC2013/40). Quixera expresar o meu agradecemento a Xulio Sousa, por servirme de guía dende o comezo. Tamén a Laura Calaza Díaz, pola axuda material e inmaterial.

La causa última de la variación lingüística y sociolingüística, así como la de la conducta humana, se encuentra en las creencias y actitudes de los hablantes, que estigmatizan o conceden estatus tanto a los usos lingüísticos concretos como a las variedades de una lengua o a lenguas que entran en contacto.

CESTERO / PAREDES 2015: 256

1. INTRODUCCIÓN

O concepto de actitude, extrapolado dende o seo da psicoloxía social, converteuse dende hai unhas décadas nunha noción esencial para todas as ciencias centradas na explicación das condutas do ser humano, tanto dende o punto de vista individual como colectivo. As actitudes inflúen na práctica totalidade dos actos das persoas e, polo tanto, o seu estudo constitúe un elemento esencial á hora de explicar modelos de conduta máis ou menos estables e predicir pautas de comportamento.

Na franxa de confluencia entre o eido social e o idiomático, as actitudes interésannos como elementos vaticinadores das condutas lingüísticas e condicionantes do cambio. Coñecendo o compoñente actitudinal en relación a diferentes aspectos vinculados coa lingua en sociedade, poderemos predicir cales serán os padróns lingüísticos imperantes nunha serie de situacións concretas e, ao mesmo tempo, obter explicacións fiables para diversas dinámicas de mudanza da lingua.

O obxectivo deste artigo é afondar na relación existente entre a percepción e as actitudes dos falantes e os procesos de cambio no dominio lingüístico galego. O corpus de datos no que se basea forma parte dunha investigación en curso que se enmarca dentro da disciplina coñecida como dialectoloxía perceptiva e que ten como finalidade descubrir e analizar os coñecementos e as opinións que posúen os non lingüistas sobre a variación dialectal. Inicialmente, realizarase unha revisión das principais actitudes que manifestaron as persoas enquisadas en relación á corrección e á agradabilidade das diferentes variedades dialectais do galego. Isto

permitiranos aproximarnos á súa consciencia metalingüística e identificar algúns dos prexuízos que posúen. Posteriormente, centrándonos nun cambio en marcha na lingua galega (o retroceso da gheada¹), intentárase analizar o papel que parecen desenvolver os patróns actitudinais dos falantes neste proceso de mudanza lingüística.

2. MARCO TEÓRICO

2.1. Actitudes: perspectivas de análise e compoñentes

O papel que desempeñan as actitudes en relación co comportamento humano ten sido estudado en profundidade por disciplinas como a socioloxía ou a psicoloxía dende hai décadas. No eido lingüístico, os estudos actitudinais comezaron a realizarse hai relativamente pouco tempo, pero dende o seu nacemento demostraron ser de grande utilidade para a explicación de diferentes procesos de variación e cambio.

En 1970, Agheyisi e Fishman resaltaron a importancia dos estudos actitudinais como ferramenta para comprender mellor as eleccións de lingua en sociedades multilingües, os procesos de alternancia de códigos ou as dinámicas de variación e cambio lingüístico. Unha actitude positiva pode incentivar o emprego dun trazo concreto en contextos formais ou acelerar a difusión dunha innovación lingüística. Pola contra, unha actitude negativa pode levar ó abandono dunha determinada variedade de lingua ou impedir o triunfo dun cambio (Moreno 2009).

Tradicionalmente, o estudo das crenzas e das actitudes sociolingüísticas enfocouse dende dúas perspectivas diferentes: a mentalista e a condutista. A primeira corrente, defendida entre outros por Allport (1967), Gardner (1985) e Ajzen (2005) considera as actitudes como estados mentais que avalían diferentes obxectos ou situacións e predispoñen o noso comportamento. Unha actitude sería, polo tanto, “unha variable que intervéen entre un estímulo que lle afecta á persoa e a súa resposta a el” (Agheyisi / Fishman 1970: 138). Dende este punto de vista, as actitudes dun individuo e, en xeral, dun grupo social determinado, prepáranos para reaccionar dunha maneira específica ante un estímulo dado.

¹ A gheada é un fenómeno fonético propio da lingua galega que consiste na realización aspirada [h] ou velar [x] do fonema /g/ (oclusivo velar sonoro no modelo fonético socialmente aceptado como estándar).

A corrente condutista, pola contra, concibe a actitude como a acción observable que resulta como consecuencia dun estímulo. A diferenza principal entre estas dúas concepcións reside, polo tanto, na consideración abstracta ou concreta do compoñente actitudinal: mentres que a corrente mentalista considera as actitudes como disposicións para certos comportamentos, a condutista afirma que as actitudes son os comportamentos en si mesmos.

Entre os defensores da primeira postura, que é a que subscribimos, parece haber certo acordo na concepción de que as actitudes se artellan en base a un sistema triaxial. Cada actitude estaría conformada por tres compoñentes diferentes: un cognitivo, un afectivo e outro condutual ou conativo. O compoñente cognitivo está relacionado co coñecemento que ten un individuo sobre o obxecto da actitude, o afectivo recolle os sentimentos a favor ou en contra de tal obxecto e o condutual representa a tendencia a actuar dun xeito determinado ante ese obxecto ou realidade concreta. Porén, existen certas diverxencias en canto á formulación teórica da relación entre estes elementos. Algunhas das propostas máis coñecidas sobre as relacións entre os compoñentes actitudinais son as de Lambert (1964), Rokeach (1968), Fishbein (1965) e, no ámbito dos estudos hispánicos, López Morales (2004). Tomando como base o modelo relacional proposto por este último formulamos outro, que se pode observar graficamente na figura 1.




Figura 1. Relación entre percepción, crenza e actitude

Segundo este esquema, os elementos cognitivo e afectivo inflúen directamente sobre as percepcións. O coñecemento do funcionamento dunha lingua e o afecto que se lle profesa determinan as percepcións humanas en relación con ela. Se o coñecemento sobre unha variedade lingüística determinada é positivo, extenso e profundo e a estima que se lle ten é alta, as percepcións que se obterán sobre ela estarán condicionadas de maneira positiva. Se, pola contra, o coñecemento é desfavorable ou escaso e as valoracións son negativas, obteremos percepcións tamén negativas. Estas percepcións dan lugar a crenzas que, segundo sexan dun signo ou doutro, consolidan actitudes dun ou doutro tipo. Finalmente, as actitudes determinan o elemento conativo e predispoñen os individuos a actuar de forma favorable ou desfavorable ante un obxecto ou realidade concreta.

Asumindo isto, aceptamos a tese mentalista en relación á influencia que as actitudes exercen sobre as condutas persoais, aínda que a relación que se estableza entre estes dous elementos sexa difusa e o compoñente actitudinal non sexa o único factor que determine as pautas de comportamento dos humanos. Unha actitude sería, polo tanto, unha tendencia ou predisposición relativamente estable para actuar favorable ou desfavorablemente con respecto a diferentes obxectos ou situacións sociais, e as actitudes lingüísticas erixiríanse como un conxunto de crenzas que predispoñen as persoas a responder de xeito repetidamente favorable ou desfavorable ante as diferentes linguas ou ante os seus usuarios.

2.2. A dialectoloxía perceptiva

A dialectoloxía perceptiva é unha disciplina lingüística que se centra no estudo das percepcións, crenzas e actitudes dos falantes sobre a variación dialectal. A diferenza da dialectoloxía tradicional, que se interesa pola análise empírica das variables e variantes recoñecidas nas diferentes variedades xeográficas da lingua, a dialectoloxía perceptiva preocúpase por analizar a maneira na que perciben e valoran a variación xeolingüística os falantes e, a partir de aí, en contrastar eses datos cos facilitados pola investigación variacionista clásica. É dicir, mentres que a dialectoloxía tradicional estuda os trazos lingüísticos que axudan a delimitar as variedades xeográficas da fala, a dialectoloxía perceptiva analiza cales son as áreas que debuxan mentalmente os falantes dunha determinada lingua e, ademais, indaga sobre as actitudes que amosan en relación ós principais trazos dialectais e ás variedades que recoñecen.




Figura 2. Os tres bloques dialectais do galego definidos pola dialectoloxía tradicional (confeccionado en base a Fernández Rei 1990)




Figura 3. Conxunto de seleccións das áreas dialectais percibidas polos falantes enquisados




Figura 4. Áreas dialectais percibidas por un dos falantes enquisados

Os estudos de dialectoloxía perceptiva naceron a comezos do século xx vinculados directamente coa investigación en dialectoloxía espacial. Os primeiros traballos catalogados dentro deste campo foron proxectados por dialectólogos holandeses (Weijnen 1946, apud Preston 1999) e xaponeses (Mase 1999) que se propuxeron coñecer, por medio do debuxo de mapas, a imaxe mental dos falantes sobre diferentes variedades lingüísticas rexionais. Porén, a dialectoloxía perceptiva non cobrou recoñecemento ata a década de 1980, cando se constituíu como disciplina enmarcándose dentro do ámbito de estudo coñecido como lingüística popular (*folk linguistics*) e incorporando principios, métodos e obxectivos da xeografía lingüística e da sociolingüística.

A finais do século pasado, o investigador norteamericano Dennis R. Preston (1989) revisou, modernizou e enunciou os principios teóricos da dialectoloxía perceptiva, definindo as súas liñas mestras e os seus principais focos de análise. Entre estes últimos, á par do estudo das crenzas dos falantes sobre a distribución xeográfica da fala, Preston incluíu tamén as opinións valorativas dos non lingüistas en relación á corrección e á agradabilidade das variedades dialectais (Preston 1989: 4). Dende entón, o estudo das actitudes lingüísticas converteuse nun dos eixos fundamentais das investigacións deste tipo.

A dialectoloxía perceptiva céntrase, polo tanto, na avaliación de dúas perspectivas moi próximas: unha de carácter xeográfico e outra de carácter avaliativo ou actitudinal. A perspectiva xeográfica ocúpase de estudar os coñecementos dos falantes sobre a variación determinada polo espazo. A avaliativa sérvenos, entre outras cousas, para descubrir as súas actitudes con respecto ás variedades diatópicas da lingua e para facer emerxer as impresións de corrección e agradabilidade que posúen sobre a variedade propia e sobre as alleas (Santos / Suárez 2014). Esta última, a relacionada cos xuízos avaliativos que constrúen os falantes en relación á variación lingüística no espazo, é a que máis nos interesa para este estudo.

Na nosa comunidade, debido á situación de bilingüismo na que estamos inmersos, a importancia das actitudes estivo maioritariamente observada en relación á súa capacidade vaticinadora e explicativa da elección de códigos distintos en diferentes contextos ou dos procesos de substitución dunha lingua por outra; é dicir, centrouse case exclusivamente na explicación dos comportamentos relacionados co contacto lingüístico entre o español e o galego, atinxindo só de forma tanxencial ás actitudes existentes en relación ás variedades dialectais e ó estándar (Recalde 1993, Kabatek 2000, Iglesias 2002, González 2003 e Formoso 2013).

Os estudos de dialectoloxía perceptiva, ademais de afondar neste último aspecto, intentan paliar unha carencia das investigacións tradicionais sobre as actitudes lingüísticas. Os estudos actitudinais centrados na valoración de diferentes acentos, variedades xeográficas ou trazos dialectais adoitan realizarse sen ningunha comprobación explícita do que saben os falantes sobre o acento, a variedade ou o trazo sobre o que se desexa investigar. Neste sentido, as investigacións perceptivas supoñen un importante avance ó incorporar preguntas concretas en relación cos coñecementos dos falantes sobre a distribución xeográfica da lingua.

3. PROCEDEMENTO METODOLÓXICO

O obxectivo básico do meu estudo en curso é descubrir e analizar as crenzas e opinións que teñen os falantes (non lingüistas) sobre a variación dialectal no dominio lingüístico galego. Dunha banda, dende o punto de vista xeográfico, pretendo descubrir se identifican ou non as diferentes variedades dialectais do galego e analizar como as xeorreferencian. Doutra, dende unha perspectiva ava-

liativa, interésame estudar as valoracións que realizan sobre as variedades dialectais que recoñecen e sobre os seus falantes. Neste sentido, pretendo coñecer as súas percepcións en relación á semellanza ou diferenza entre variedades, ó grao de corrección ou de agrado que lles atribúen a cada unha delas, ós seus principais trazos identificativos etc.

O corpus de datos analizado neste traballo componse de 108 entrevistas realizadas en 27 concellos de Galicia. A selección dos informantes realizouse atendendo a diversos criterios sociodemográficos. Para asegurar que a mostra fose representativa das distintas variedades xeolingüísticas do galego, realizouse unha selección de localidades de enquisa a partir dunha cuadrícula divisoria. Dentro de cada un dos seus cadros escolleuse un concello e en cada un deles seleccionáronse catro informantes galegofalantes, de dúas franxas etarias diferentes e respectando a paridade de xénero (un home e unha muller de entre 20 a 35 anos e un home e unha muller de entre 50 a 65 anos). Da rede de puntos resultante dá conta o mapa da Figura 5².




Figura 5. Rede de puntos de enquisa

² Os concellos que conforman a rede de puntos coa que se traballa neste estudo son: A Fonsagrada, Baiona, Bueu, Cervo, Dumbría, Lalín, Leiro, Lobios, Maceda, Mañón, Mazaricos, Meira, Muxía, O Corgo, Ordes, Quiroga, Ribadeo, Ribeira, Taboada, Touro, Trazo, Vilalba, Vilar de Barrio, Vilardevós, Xermade, Xinzo de Limia e Zas.

Para a obtención da información deseñouse un plan metodolóxico baseado nas cinco técnicas propostas por Preston a finais do século xx para os estudos de dialectoloxía perceptiva: i) *draw-a-map* (debuxo de mapas); ii) *degree of difference* (grao de diferenza); iii) *“correct” and “pleasant”* (“correcto” e “agradable”); iv) *dialect identification* (identificación dialectal) e v) *qualitative data* (datos cualitativos) (Preston 1999: xxxiv). Tivéronse tamén en conta as adaptacións metodolóxicas propostas por Montgomery (2007, 2011) nalgúns dos seus traballos e incluíronse outras propias, especificamente deseñadas para o contexto de estudo. O resultado é unha investigación perceptiva baseada no emprego de estímulos orais e que utiliza para a obtención de información dous procedementos: un test de base sonora e un cuestionario perceptivo e actitudinal.

- a. Test perceptivo: os informantes son sometidos a sete estímulos orais diferentes (seis audios de fala dialectal, recollidos en seis puntos diferentes do territorio galego³ —ver figura 6—, e un de fala estándar) para realizar xuízos perceptivos. Cada un dos enquisados da mostra debía escoitar os sete estímulos e asignarlle a cada un deles unha área territorial específica de procedencia.
- b. Cuestionario: posteriormente, os enquisados debían contestar tamén diversas preguntas relacionadas coas súas percepcións en relación á diferenza ou similitude entre as distintas variedades dialectais que recoñecen e a propia, á corrección e agradabilidade de cada unha desas variedades de fala, ós seus trazos identificativos e, en xeral, en relación ás características que lles atribúen a cada unha delas e ós seus falantes.

³ As gravacións para a selección dos estímulos foron realizadas entre abril e xuño do 2015 con persoas nadas no lugar de enquisa que non superasen os 55 anos. Os estímulos empregados duran aproximadamente un minuto e son de temática variada.




Figura 6. Procedencia dos estímulos orais dialectais

Todos os datos recollidos foron gravados en arquivos de son e almacenados nunha base de datos á que se pode acceder mediante consultas SQL. Deste xeito, o procesamento e análise da información (tanto da xeográfica como da actitudinal) resulta máis doado.

4. ANÁLISE: PERCEPCIÓN, ACTITUDES E CAMBIO LINGÜÍSTICO

4.1. Percepción dialectal: mapas mentais dos falantes

Todo acto de percepción implica unha reacción sensorial ante un estímulo externo e, polo tanto, as percepcións caracterízanse por posuír un alto grao de subxectividade. Nin todas as persoas perciben o mesmo, nin todos reaccionamos ante os mesmos estímulos. A percepción está mediada polas características sociais e polas experiencias vitais de cada individuo. Isto implica que os factores xeográficos, culturais, políticos, étnicos, económicos ou históricos que nos envolven condicionan a nosa percepción da realidade (Edwards 2009: 154): o que percibimos e a maneira na que o percibimos.

Como ocorre con calquera outro aspecto da realidade, as percepcións ligadas ós comportamentos lingüísticos non son universais nin eternamente estables, se-

nón que varían tanto de individuo a individuo como a través do tempo. Non todos os trazos lingüísticos destacados polos dialectólogos desempeñan unha función simbólica para todos os membros dunha comunidade. Cada falante dispón dun “filtro perceptivo” propio (Schmid 2014: 149) que determina os trazos que lle resultan significativos. Este filtro, que está determinado polas particularidades vitais de cada persoa, non recolle todas as características dunha variedade, só focaliza as que o falante en concreto identifica como marcadas debido á significación social que adquiren para el nun momento preciso.

A percepción, polo tanto, constrúese socialmente e achéganos moita información sobre as valoracións sociais que os falantes lles atribúen ós diferentes elementos da realidade que os envolve. Intentando establecer unha relación entre as percepcións e as actitudes Désiree Schmid afirma que:

Justamente en este aspecto radica el nexo entre percepción y actitud, ya que a la actitud siempre le precede un proceso de percepción, cuyas valoraciones – aunque se limiten al momento del input sensorial – poseen la capacidad de consolidarse paulatinamente como actitudes lingüísticas (Schmid 2014: 149).

Asumindo este estreito nexo entre percepción e actitudes, asumimos a importancia de coñecer o que perciben os falantes para poder avaliar as actitudes que manifestan. Por iso, como paso previo á análise das actitudes que foron xurdindo ó longo das entrevistas realizadas, un dos meus obxectivos é determinar cales foron as variedades dialectais máis claramente identificadas polos enquisados e cales os elementos lingüísticos que seleccionaron como definitorios desas variedades. Isto permitíranos descubrir os trazos dialectais máis perceptivamente significativos para o conxunto dos informantes e, polo tanto, os máis cargados de valoracións e tendentes a crear actitudes.

Os datos proporcionados polos 108 enquisados revelan que, para estes falantes, as audicións máis claramente identificables son aquelas que nas propostas de división dialectal das variedades galegas se identifican como propias do bloque occidental, especialmente a recollida en Bueu (figura 7). A gravación que se corresponde con este estímulo semella resultar facilmente recoñecible para os informantes, dado que o seseo, a gheada e o ítem léxico *mirar* estimulan as súas percepcións, facendo que se sitúen de contado na costa e, en concreto, nas Rías Baixas. Outras variedades lingüísticas como as de Moeche (figura 8) ou

do Barco de Valdeorras (figura 9) foron menos recoñecidas. Os seguintes mapas de calor permítenos observar as áreas xeográficas seleccionadas polos enquisados para cada un destes estímulos sonoros. As áreas máis escuras representan os lugares nos que se concentrou un maior número de seleccións xeográficas dos informantes.




Figura 7. Audición Bueu




Figura 8. Audición Moeche




Figura 9. Audición O Barco de Valdeorras

Como se pode comprobar, as diferenzas na localización de cada unha das tres audicións son notables. A franxa occidental costeira, cuxa variedade dialectal se caracteriza por posuír dous dos trazos lingüísticos máis marcados para os enquisados (seseo e gheada), é a máis facilmente recoñecible, xustamente por conter eses dous trazos. O feito de que a maior parte dos informantes reaccione ante a súa presenza permítenos intuír que estes trazos teñen forza á hora de desencadear actitudes lingüísticas.

4.2. Actitudes e cambio lingüístico

4.2.1. Valoracións dos dialectos galegos

Para a elaboración deste estudo baseámonos na observación directa das actitudes dos enquisados no nivel consciente e realizamos unha análise cualitativa. Cómpre ter en conta que, ó tratarmos con actitudes expresadas de forma consciente, debemos ser cautelosos á hora de establecer conclusións taxativas. Os xuízos dos informantes poden estar condicionados pola desexabilidade social, polo que é probable que nalgúns casos respondan o que consideran politicamente correcto.

Do mesmo xeito, hai que reparar en que a medición actitudinal nunca é sinxela e que, ademais, as actitudes mudan constantemente.

Tendo isto en mente, é necesario constatar que houbo dous roles comportamentais predominantes entre os enquisados cando se lles pedía que fixesen xuízos valorativos sobre a súa propia variedade de fala e sobre as alleas: un de subversión e outro de submisión.

- Un grupo dos informantes reafirmouse como falante da súa variedade dialectal, en oposición á entrevistadora que, aínda falando lingua dialectal (bloque central, área lucu-auriense), era identificada como falante de lingua estándar. Este grupo non foi moi numeroso e os seus representantes foron, por regra xeral, persoas con estudos universitarios (en moitos casos ligados ó ámbito das humanidades) do bloque central e oriental que optaron por reforzar o seu capital lingüístico simbólico.
- A maior parte das persoas entrevistadas, perante a entrevistadora, reaccionaron manifestando de forma explícita o desprestixio que teñen para eles as variedades dialectais do galego en relación coa variedade normativa⁴. Esta segunda postura foi a máis frecuente, espallada uniformemente por todos os puntos de enquisa, pero é probable que con máis forza entre os falantes do occidente galego.

Ímonos centrar no grupo máis numeroso, nas persoas que supeditaron o valor das variedades dialectais ó do estándar. Interésanos especialmente este grupo tanto por ser o máis numeroso como porque é o máis tendente a asimilar os cambios lingüísticos. Os falantes cunha personalidade social marcada e cunha maior seguridade lingüística, son máis estables social e lingüísticamente. Pola contra, os falantes máis inseguros sobre o seu modelo de lingua e cunha posición social menos firme, son os máis tendentes ó cambio. Para abordar as actitudes destes informantes ante a variación xeográfica do galego seleccionáronse dúas dimensións valorativas: a calidade ou corrección e o agrado.

⁴ Cómpre salientar que se preguntaba pola variedade que os enquisados consideraban máis ou menos agradable e máis ou menos correcta, sen reparar en dimensións de valor identitario ou de identificación persoal.

4.2.1.1. Avaliación da corrección

As cuestións avaliativas que se lles propuñan ós enquisados estaban formuladas xeralmente nun par opositivo. Con respecto á corrección lingüística realizáronse catro consultas de resposta aberta: *Onde cre(s) que se fala mellor o galego?*, *Onde cre(s) que se fala peor o galego?*, *Onde cre(s) que se fala o galego máis correcto?* e *Onde cre(s) que se fala o galego máis incorrecto?*

A análise das contestacións dos falantes entrevistados revela que houbo tres tendencias básicas de resposta, tanto á hora de seleccionar o “mellor galego” ou o “máis correcto” como á hora de identificar os lugares nos que se fala “peor” ou de forma “incorrecta”. No eixo positivo, os informantes atribuíronlle unha maior calidade ó galego falado nas universidades, nunha área indefnida identificada como “as montañas de Lugo e Ourense” e no interior de Galicia.

- Nas universidades: varios dos enquisados evitaron a identificación do galego “máis correcto” cunha área xeográfica concreta e relacionaron a maior calidade lingüística cun grupo social determinado. Segundo esta concepción, as persoas cun alto nivel de formación académica serían as posuidoras do mellor modelo de lingua, pola instrución lingüística recibida ó longo da súa vida. En relación con isto, repítense tamén as alusións á cidade de Santiago de Compostela como ideal de corrección lingüística e, moitas veces, únese esta referencia xeográfica concreta coa presenza da universidade na capital galega.
- Nas montañas de Lugo e Ourense: a etiqueta seleccionada, as “montañas de Lugo e Ourense”, fai referencia a un espazo xeográfico vago e impreciso pero leva posiblemente asociada a idea de illamento e difícil acceso. Segundo os falantes, a estas zonas “chegan menos innovacións, menos castelanismos e mantense o galego máis puro”. Para moitos, polo tanto, a entrada de innovacións identifícase coa entrada de castelanismos (xeralmente léxicos), que se consideran marcas dun galego deturpado.
- No interior de Galicia: a escolla desta franxa territorial atende a unha motivación moi clara para os que se decantaron por ela. É a área na que mellor se fala e na que se fala de forma máis correcta “porque non teñen seseo nin gheada” e “porque non se fala tan esaxerado”, fálase “unha cousa máis

normal”, isto é, unha variedade que se considera como menos marcada e diferenciada.

No que se refire ó polo negativo destes pares opositivos de cuestións, a tendencia da resposta foi tamén tripla. Os enquisados cren que se fala “peor galego” ou “galego menos correcto” nas cidades, na zona sur de Pontevedra e Ourense e na costa occidental galega.

- Nas cidades: un gran número dos falantes enquisados afirmou considerar que as cidades son os espazos nos que “peor” se fala galego. O motivo que máis se repite á hora de tentar explicar esta opinión é “a mestura de galego e castelán” que, segundo eles, caracteriza os modelos lingüísticos dos espazos máis urbanos.
- Na zona sur de Pontevedra e Ourense, é dicir, na área fronteiriza con Portugal: semella que baixo esta resposta está funcionando a idea de que o contacto entre linguas degrada a calidade da fala. Moitos dos informantes identificaron como “menos correctas” as variedades lingüísticas do sur de Galicia e aludiron a que o código empregado nesas áreas é unha mestura entre galego, castelán e portugués.
- Na costa occidental: en oposición ó interior de Galicia, que como xa vimos é considerado un exemplo do galego “máis correcto” por moitos dos enquisados, a fala do occidente representa para un bo número de falantes o “peor” modelo de lingua. Algúns trazos lingüísticos como o seseo e a gheada, que antes se nomeaban pola súa ausencia, son agora mencionados como marca da variedade “menos correcta”.

A pesar da grande coincidencia nas respostas dos enquisados cando se lles preguntaba polo mellor galego e polo máis correcto ou polo peor galego e polo menos correcto, os informantes atoparon máis dificultades para contestar as cuestións sobre corrección. Cando se preguntaba explicitamente sobre o modelo de lingua máis ou menos correcto, moitos dos enquisados afirmaban non sentirse capacitados para opinar, aludindo á súa falta de formación lingüística en galego e, polo tanto, ó descoñecemento dun modelo claro ó que remitirse. Os falantes que responden deste xeito recoñecen a existencia dun modelo correcto de galego,

o que se estuda, o estándar, pero din que non poden xeorreferenciarlo porque, ó non coñecelo, tampouco coñecen o lugar ou lugares nos que se fala dese xeito. Isto explica as súas dúbidas e vacilacións e tamén que moitas veces asocien a corrección coa capital galega, corroborando a afirmación de Lipski (1996: 155) de que “la variedad lingüística prestigiosa de un país se basa generalmente en el habla de su capital”.

Con relación á asociación entre corrección e estándar, hai que ter en conta que os modelos lingüísticos non estándar son a miúdo considerados como “incorrectos” e propios das clases sociais baixas mentres que a variedade normativa dunha lingua é considerada superior ó resto de variedades e asóciase coas clases sociais máis altas e instruídas (Andersson / Trudgill 1990). A estandarización é dependente da existencia e sistematización dun sistema de escritura que ten que ser aprendido e, polo tanto, o grao de dominio da variedade estándar tende a ser equiparado co nivel de educación de cada individuo e tamén se percibe como un indicador de determinada clase social, intelixencia e autoridade. Ademais, as variedades estándar son contempladas como un símbolo dunha comunidade e, a miúdo, teñen a exclusividade en diferentes ámbitos funcionais de uso: administración pública, sistemas legais, sistemas educativos etc. Todo isto deriva na creación dun grupo de actitudes tendentes a consolidar o estándar nunha escala de prestixio superior á do resto de variedades.

Nesta mesma liña, varios dos enquisados aludiron a que onde se fala máis correcto é “onde non hai moitas cousas diferentes”, onde se fala “sen tantos matices, unha cousa máis normal”. Quesada Pacheco no seu estudo sobre a variación dialectal en Costa Rica (2013), afirmaba que canta máis variación percibe unha persoa con respecto ó modelo lingüístico de referencia, menos corrección lle atribúe a unha variedade lingüística determinada. O que é máis perceptivamente diferente con respecto ó estándar, que é considerado o modelo de corrección, é contemplado xeralmente como o menos correcto. No caso do galego, a gheada e o seseo semellan ser os dous trazos que estimulan en maior medida as percepcións lingüísticas dos falantes e, ademais, están xeralmente cargados de connotacións negativas. Isto motiva que as variedades lingüísticas caracterizadas por estes trazos sexan consideradas en moitas ocasións como as menos correctas.

Esta realidade explica en boa medida o que acontece coas respostas dos falantes ás cuestións *Onde cre(s) que se fala mellor o galego?* e *Onde cre(s) que se fala peor o*

galego? A maioría deles (nalgunhas ocasións quizais por modestia) tende a identificar como mellor a variedade lingüística propia dalgún lugar diferente ó seu; pero tamén adoita facelo cando se pregunta polo peor xeito de falar galego. Isto indica que os enquisados desexan afastarse dos extremos: non se autoidentifican co mellor modelo de lingua, pero tampouco co peor. Porén, a práctica totalidade dos falantes entrevistados nas zonas de seseo e gheada, cando se lles pregunta polo lugar onde se fala peor o galego, alude á súa zona, centrándose precisamente na presenza destes dous trazos. Estas actitudes revelan os prexuízos existentes en relación á gheada e ó seseo e inflúen decisivamente nos procesos de cambio e nivelación dialectal, xa que a inseguridade lingüística dun individuo, como se comentou anteriormente, pódele levar a evitar os trazos cos que se sente menos cómodo.

4.2.1.2. Avaliación da agradabilidade

Para obter información respecto do agrado formuláronse dúas cuestións abertas: *Onde cre(s) que se fala o galego máis agradable?* e *Onde cre(s) que se fala o galego máis desagradable?* As respostas proporcionadas polos enquisados repiten o padrón anterior e fan patente o estigma lingüístico e social en relación coa gheada e co seseo. Ante a primeira pregunta, a maioría dos enquisados dos bloques central e oriental identificaron a súa área de procedencia como o lugar coa variedade máis agradable, aludindo en moitos casos ó costume de falar e escoitar falar dun xeito determinado. Porén, a práctica totalidade dos falantes da costa occidental galega asociou a maior agradabilidade da lingua con algunha variedade diferente á propia e, xeralmente, dalgún lugar central de Galicia. Nestas consideracións inflúe decisivamente a estigmatización dos dous trazos máis identificativos da variedade occidental ós que antes se fixo referencia, como se pode comprobar en respostas como a seguinte:

Onde cre(s) que se fala o galego máis agradable?

Na zona de Pontevedra, porque é un galego parecido ó noso pero sácanlle o seseo e a gheada.

Nesta mesma dimensión valorativa, cando se lles pregunta ós enquisados polo galego que consideran máis desagradable hai unha tendencia de todos eles, tanto dos procedentes do occidente coma dos doutros lugares, a remitir á costa occidental. Algúns exemplos das formas máis típicas de resposta a estas preguntas ofrecidas por informantes occidentais son:

Onde cre(s) que se fala o galego máis desagradable?

Onde me parece máis bruto é nesta zona, nesta zona falamos moi brutiño, porque ás veces xa esaxeramos moito a gheada e o seseo, esaxerámolo tanto que ata fai dano nos oídos. Falamos moi raro e a veces non te dás conta, pero cando o oes resulta moi estraño.

Onde cre(s) que se fala o galego máis desagradable?

A min non me gusta cando se carga moito na jota. Aquí cargamos un pouco pero hai sitios onde se carga máis. A min iso non me gusta. Prefiro que me seseen ca que me digan [x] [x] [x].

Preston / Robinson (2005) afirman que é probable que un grupo social teña tendencia a usar o que se chama “capital lingüístico simbólico” da súa variedade dun modo ou doutro, pero non de ambos. Segundo esta concepción, os falantes de variedades de maior prestixio tenden a asignarlle o valor simbólico á súa variedade na dimensión da corrección, mentres que os falantes das variedades menos prestixiosas adoitan identificar o valor simbólico da súa forma de falar na dimensión de agradabilidade.

A maior parte dos enquisados, considerando a variedade estándar do galego como o modelo de corrección, asígnanlle prestixio á variedade propia no plano da agradabilidade. Porén, moitos dos falantes do occidente galego supeditan a súa variedade tanto ó estándar como ás demais variedades xeográficas. Así, cando se trata da avaliación da corrección, colocan o estándar como modelo de referencia; e cando se trata da avaliación da agradabilidade, refírense a outras variedades dialectais do galego como modelos de fala máis aptos có estándar para a comunicación interpersonal pero menos “bruscos” ou “brutos” cós seus⁵. Repítense, polo tanto, os mesmos modelos de pensamento estereotipado que vimos anteriormente e que, de forma consciente ou inconsciente, condicionan a vitalidade dun modelo de lingua concreto.

4.2.2. Cambio lingüístico: o retroceso da gheada

As actitudes poden ser unha poderosa axuda para a difusión de cambios lingüísticos xa que, como dixemos, unha innovación pode triunfar ou fracasar

⁵ É probable que para estes informantes o capital lingüístico simbólico da súa variedade resida no plano identitario.

dependendo das valoracións que active. Avaliamos os trazos e as variedades lingüísticas polo que representan socialmente e apoñémoslles maior ou menor validez segundo o valor social que ostentan. En relación con isto, en Giles / St. Clair (1979) propóñense dúas hipóteses xerais sobre a perspectiva avaliativa aplicada ás linguas. A primeira hipótese, a hipótese do valor inherente, afirma que é posible comparar dúas ou máis variedades e que algunha delas sexa considerada mellor que a outra. A segunda hipótese, a hipótese da norma imposta, sostén que a variedade mellor valorada será a propia do grupo social de maior prestixio. As investigacións destes estudosos sobre o inglés confirman esta segunda hipótese e demostran, tal e como se ten verificado en moitos outros estudos, que as actitudes lingüísticas adoitan ser manifestacións das actitudes ante os seus falantes.

Tradicionalmente, asúmesese que, por regra xeral, as actitudes lingüísticas son creadas polas asociacións feitas entre un ou varios trazos lingüísticos e as caricaturas non lingüísticas que se asocian cos falantes que os empregan. Esta idea, extrapolada a un exemplo non dialectal da lingua galega podería exemplificarse da seguinte maneira:

1. Un falante A pronuncia *mullere*.
2. Un falante B percibe *mullere*, porque a súa propia pronuncia é *muller*.
3. O falante B clasifica *mullere* como “un trazo da xente de máis idade” porque ten asociado ese trazo lingüístico con persoas de idade avanzada.
4. O falante B rescata as caricaturas relacionadas coas persoas de máis idade e aponllas a *mullere*.

Porén, López Morales (2004) afirma que é probable que haxa casos nos que o proceso sexa o contrario, nos que se parta dunha actitude negativa ante un fenómeno lingüístico e se chegue á valoración negativa dos seus usuarios e incluso á súa discriminación social. É dicir, existe a posibilidade de que un trazo ou trazos estean tan fortemente imbuídos dalgunha avaliación valorativa que o ouvinte obteña as características avaliativas que se relacionan con el directamente, sen recorrer á imaxe previa que se ten dos falantes. Este proceso coñécese co nome de iconización e funciona do seguinte xeito:

1. Un falante A pronuncia *ghato*.
2. Un falante B percibe *ghato*, porque a súa propia pronuncia é *gato*.
3. O falante B clasifica *ghato* como *bruto*, xa que o trazo lingüístico empregado (neste caso a gheada) é relacionado co cualificativo *bruto* tan a miúdo que non é necesario recorrer a ningunha caricatura social do grupo que o emprega para que emerxa nas percepcións dos falantes.

Polo tanto, aínda que as reaccións dos enquisados ante unha variedade lingüística revelan moito da percepción que teñen sobre os falantes desas variedades, algúns trazos lingüísticos poden desencadear actitudes por si sós. Os informantes deste estudo, por exemplo, aludían ós trazos máis estigmatizados do galego sen coñecer moitas veces a procedencia dos falantes que os empregan ou localizando o seu uso erroneamente.

Onde usan a gheada. Sóname raro.

O que usa gheada e seseo paréceme un galego horrible. Non sei explicarche pero non me gusta.

É moi bruto ademais.

Onde falan con gheada, porque non me gusta. O da “ghaliña” e o do “ghato” lévoo mal.

En Lugo, porque falan moito coa ghe.

En Lugo e por aí, porque son moi brutos, porque meten moita gheada.

Isto confirma que para estes informantes non están operando nun primeiro nivel as valoracións ante o grupo de falantes (independentemente da súa procedencia, idade, sexo ou nivel educativo), senón que o fan as valoracións en relación a un trazo lingüístico en particular: neste caso, a gheada.

A gheada semella ser o trazo dialectal máis estigmatizado para a maior parte dos enquisados, especialmente para moitas das persoas que a posúen. Os falantes percíbena como unha deturpación do estándar, está imbuída de connotacións sociais negativas e, ademais, ten un valor ínfimo na escala da agradabilidade lingüística dos falantes. Trudgill (1975) afirma que:

Se non nos gusta un acento, é por unha complexidade de factores que teñen que ver coas nosas inclinacións sociais, políticas e rexionais máis que con algunha cousa estética. Agrádanos e desagrádanos os acentos polo que representan, e non polo que son (Trudgill 1975: 37-38).

Os falantes desprezan a gheada de forma consciente polo que representa socialmente, independentemente das súas características lingüísticas. É un trazo que carece de prestixio social e que se relaciona cun modelo lingüístico “brusco”.

Francisco Fernández Rei (1990) rexistraba xa hai máis de 25 anos un retroceso da gheada na provincia de Lugo, que comezaba co abandono do seu uso no grupo da xente máis nova e escolarizada e que se ía estendendo para a de máis idade. Pouco despois, Recalde (1993, 1994) falaba dese mesmo cambio lingüístico en marcha na lingua galega e afirmaba que, aínda que nesta mudanza poden afectar elementos estruturais da lingua, hai factores externos que actúan decisivamente na aceleración e extensión da variante [g] en lugar de [h]: as actitudes negativas ante a gheada. Neste sentido, afirmaba:

Dadas as condicións sociolingüísticas e as actitudes xerais baixo as que sobreviviu a gheada, era esperable que, ademais dunha variación horizontal, que foi o tema central de todos os estudos ata agora existentes, se producise unha variación vertical debida a factores sociais e situacionais, e que esta variación constituíse o inicio dun cambio lingüístico dende arriba (Recalde 1994: 349).

Se temos en conta que o abandono da gheada está asociado a situacións comunicativas formais ou realizadas fóra do grupo de fala de referencia, non debe estrañarnos que sexan as persoas máis novas e con maior estatus as que inicien o cambio⁶. De feito, as actitudes abertas dos informantes confirman a súa preferencia por evitar a gheada en situacións formais ou fóra da propia comunidade de fala.

Eu creo que na costa non é que sea peor, pero de cara... se estás traballando por exemplo nun sitio público, de cara ó público, depende en que sitios queda mellor usar un galego tirando a normativo que un galego con gheada e con seseo.

Se estas actitudes negativas se manteñen, non debe estrañarnos que continúe imperando a tendencia de evitar a gheada e que o cambio se vaia dando progresivamente dunha situación A (figura 10) a unha situación B (figura 11); é dicir, que as persoas máis novas e con maior estatus sexan as primeiras en abandonar o uso da gheada e que o resto dos individuos vaia progresivamente adaptando a súa fala á dos primeiros.

⁶ Reparemos, por exemplo, en que este grupo social está xeralmente caracterizado por unha mobilidade xeográfica elevada e por manter intercambios comunicativos máis ou menos formais con persoas de diferentes lugares.




Figura 10. Situación A




Figura 11. Situación B

Rodríguez Lorenzo (2011) confirmou con datos recollidos nos anos 2008 e 2009 o carácter recesivo deste fenómeno lingüístico, tanto dende o punto de vista espacial como dende a perspectiva da frecuencia de uso e plasmou graficamente as diferenzas da distribución diatópica da gheada entre o ano 1934 e o 2008 (Rodríguez Lorenzo 2011: 465).

Este estudo constata que a evolución que mostran os estudos sobre o cambio en tempo real se ve confirmada polos resultados da análise inicial das actitudes obtidas neste traballo. Algunha da información proporcionada polos informantes sobre as antigas diferenzas de fala entre dúas localidades ofrécenos datos sobre as mudanzas dialectais do pasado, pero a información actitudinal pódenos axudar a adiviñar cara a onde irá a lingua no futuro. Os falantes perciben a gheada e, condicionados polas connotacións sociais deste trazo lingüístico, consolidan crenzas negativas en relación ó seu uso. Estas crenzas orixinan actitudes negativas que conducen ós falantes con gheada a rexeitar este trazo e a evitalo en múltiples contextos.

5. CONCLUSIÓN

O principal interese da dialectoloxía perceptiva reside, precisamente, na posición central que se lles outorga ás reflexións lingüísticas dos non lingüistas. Preguntarlles directamente ós falantes sobre como e onde cren que varía a lin-

gua ofrécenos datos que poden ser empregados xunto con outros recursos para “cubrir ocos” na comprensión que teñen os lingüistas sobre o funcionamento da lingua. Isto é de moita importancia tanto para o mellor coñecemento da realidade idiomática como para o estudo da variación, xa que nos permite atoparlles explicación a diversos procesos de cambio lingüístico.

Os prexuízos en relación á gheada teñen sido estudados en múltiples ocasións, máis a fondo ou menos. Quizais o que non se fixera é comprobar que se manteñen tanto se se identifican xeograficamente os falantes que posúen este trazo lingüístico como se non se fai. A partir dos datos que manexamos podemos ver que se repiten os vellos esquemas de estereotipos que se veñen rexistrando dende hai décadas⁷. Pero non só iso, senón que tamén podemos comprobar que a gheada ten un poder simbólico tan grande que fai emerxer as actitudes dos enquisados por si soa, aínda sen referencia a ningún grupo social como portador dela.

As avaliacións dos falantes sobre a gheada son moi desfavorables, especialmente entre os seus propios usuarios, que teñen actitudes negativas fondamente asentadas en relación con este trazo lingüístico. Tales actitudes poderían derivar en condutas de rexeitamento que se traduzan na omisión do elemento estigmatizado; inicialmente no grupo das persoas máis novas e con maior estatus en contextos formais e paulatinamente estendéndose a outros perfís persoais e a outros contextos.

Aínda que cómpre ter en conta, como xa se dixo, que o compoñente actitudinal non é o único factor que determina as pautas de comportamento, o estudo das actitudes sobre as linguas permítennos descubrir a miúdo información moi útil para o estudo do cambio lingüístico. A gheada está oficialmente admitida no estándar oral, pero na práctica queda fóra del en case todos os seus medios de difusión e continúa sendo menosprezada actitudinalmente. Se non mudamos esta situación, non resulta estraño que vaia perdendo paulatinamente contextos de uso, número de falantes e espazo xeográfico.

⁷ Lembremos que xa a finais do s. XIX e comezos do XX temos rexistros escritos que definen a gheada como “defecto de la gente idiota” (Valladares, 1884: VI), “pronunciación defectuosa intolerable en el lenguaje culto” (Couceiro Freijomil 1935: 103) ou “sonido extraño y despacible, signo de rusticidad e incultura” (Carré Alvarellós 1956: 963).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGHEYISI, Rebecca / Joshua A. FISHMAN (1970): «Language attitude studies: A brief survey of methodological approaches», *Anthropological Linguistics* 12, 137-57.
- AJZEN, Icek (2005²): *Attitudes, personality and behaviour*. England: Open University Press. <<https://psicoexperimental.files.wordpress.com/2011/03/ajzeni-2005-attitudes-personality-and-behaviour-2nd-ed-open-university-press.pdf>>
- ALLPORT, Gordon (1967): «Attitudes», en Martin Fishbein (ed.), *Readings in attitude. Theory and measurement*. New York: John Wiley and Sons, 1-38.
- ANDERSSON, Lars / Peter J. TRUDGILL (1990): *Bad language*. Oxford: Blackwell.
- CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1956): «La geadá en Galicia», *DL* 7ª serie, 961-967.
- CESTERO MANCERA, Ana M. / Florentino PAREDES (2015): «Creencias y actitudes hacia las variedades normativas del español actual. Primeros resultados del Proyecto PRECAVES-XXI», *Spanish in Context* 12: 2, 255-279. <<http://dx.doi.org/10.1075/sic.12.2.04ces>>
- COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1935): *El idioma gallego*. Barcelona: Alberto Martín.
- EDWARDS, John (2009): *Language and identity*. Cambridge: Cambridge University Press. <<http://dx.doi.org/10.1017/CBO9780511809842>>
- FERNÁNDEZ REL, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FISHBEIN, Martin (1965): «A Consideration of beliefs, attitudes and their relationship», en Ivan D. Steiner / Martin Fishbein (eds.), *Current studies in social psychology*. New York: Holt, Reinhart and Winston, 107-120.
- FORMOSO GOSENDE, Valentina (2013): *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico*. Vigo: Xerais.
- GARDNER, Robert (1985): *Social psychology and second language learning: the role of attitudes and motivation*. London: Edward Arnold. <<http://publish.uwo.ca/~gardner/docs/SECONDLANGUAGE1985book.pdf>>
- GILES, Howard / Robert N. ST. CLAIR (eds.) (1979): *Language and social psychology*. Oxford: Blackwell.
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (dir.) (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseada en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.
- IGLESIAS ÁLVAREZ, Ana (2002): *Falar galego: "No veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia*. Vigo: Xerais.
- KABATEK, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- LAMBERT, Wallace E. (1964): *Social psychology*. Englewood Cliffs, New Jersey: Prentice-Hall.
- LIPSKI, John M. (1996): *El español de América*. Madrid: Cátedra.
- LÓPEZ MORALES, Humberto (2004³): *Sociolingüística*. Madrid: Gredos.
- MASE, Yoshio (1999): «Dialect consciousness and dialect divisions», en Dennis R. Preston (ed.), *Handbook of perceptual dialectology*. Amsterdam: John Benjamins, 71-99. <<http://dx.doi.org/10.1075/z.hpd1>>
- MORENO FERNÁNDEZ, Francisco (2009⁴): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje*. Barcelona: Ariel.
- MONTGOMERY, Chris (2007): *Northern English dialects: A perceptual approach*. Sheffield: University of Sheffield. Tese de doutoramento sen publicar. <<http://etheses.whiterose.ac.uk/1203/>>
- MONTGOMERY, Chris (2011): «Starburst charts: Methods for investigating the geographical perception of and attitudes towards speech samples», en Terttu Nevalainen / Susan M. Fitzmaurice (eds.) *How to deal with data: problems and approaches to the investigation of the english language over time and space (eVARIENG)*, vol.7. <<http://www.helsinki.fi/varieng/series/volumes/07/montgomery/index.html>>

- PRESTON, Dennis Richard (1989): *Perceptual dialectology: nonlinguists' views of areal linguistic*. Dordrecht: Foris. <<http://dx.doi.org/10.1515/9783110871913.fm>>
- PRESTON, Dennis Richard (ed.) (1999): *Handbook of perceptual dialectology*. Amsterdam: John Benjamins. <<http://dx.doi.org/10.1075/z.hpd1>>
- PRESTON, Dennis Richard / Gregory C. ROBINSON (2005): «Dialect perception and attitudes to variation», en Martin J. Ball (ed.), *Clinical sociolinguistics*. Malden, USA: Blackwell Publishing Ltd., 133-149. <<http://dx.doi.org/10.1002/9780470754856.ch11>>
- QUESADA PACHECO, Miguel Ángel (2013): «División dialectal de Costa Rica según sus hablantes», *Dialectologia et Geolinguistica*. 21, 36-69. <<http://dx.doi.org/10.1515/dialect-2013-0003>>
- RECALDE FERNÁNDEZ, Montserrat (1993): *Usos e actitudes sobre a gheada*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Memoria de Licenciatura sen publicar.
- RECALDE FERNÁNDEZ, Montserrat (1994): «Gheada e situación», *Verba* 21, 339-367.
- RODRÍGUEZ LORENZO, David (2011): «A gheada, un fenómeno innovador do galego. Evolución diatópica no século XX», en Armada Costa / Isabel Falé / Pilar Barbosa (eds.), *Textos Seleccionados do XXIV Encontro Internacional da Associação Portuguesa de Linguística*. Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 453-466. <<http://www.apl.org.pt/docs/24-textos-seleccionados/31-Lorenzo.pdf>>
- ROKEACH, Milton (1968): *Beliefs, attitudes and value: A theory of organization and change*. San Francisco: Jossey-Bass.
- SANTOS RAÑA, Irene / Soraya SUÁREZ QUINTAS (2014): «Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá», en Xulio Sousa / Marta Negro Romero / Rosario Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 91-113. <http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2014_Lingua-e-identidade-na-fronteira-galego-portuguesa.pdf>
- SCHMID, Désirée (2014): «Percepción y actitud lingüística: el castellano serrano en contraste con el castellano costeño en el Ecuador», *e-CRIT (Cahier de Recherches Interdisciplinaires et Transculturelles)* 6, 145-157. <http://e-crit3224.univ-fcomte.fr/download/3224-ecrit/document/numero_6/11.-de--sire--e-schmid-def-1.pdf>
- TRUDGILL, Peter (1975): *Accent, dialect and the school*. London: Edward Arnold.
- VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano*, Santiago de Compostela: Seminario Conciliar Central.
- WEIJNEN, Antonius A. (1946): «De grenzen tussen de Oost-Noordbrabantse dialecten onderling» [The borders between the dialects of Eastern North Brabant], en Antonius A. Weijnen / J. M. Renders / Jacobus van Ginneken (eds.), *Oost-Noordbrabantse Dialectproblemen [Eastern North Brabant dialect problems]*. Amsterdam: Noord Hollandsche Uitgevers, 1-15.

